

Venres, 13 de maio de 2022

Núm. 92

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

**MUNICIPAL**

**FORCAREI**

**Recadación**

*EXPOSICIÓN PÚBLICA PADRÓN DE VEHÍCULOS 2022*

*A N U N C I O*

*Exposición pública do Padrón municipais de imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), correspondentes o exercicio de 2022 e cobranza en período voluntario.*

Vista a Resolución de Alcaldía de data 03 de maio 2022, no que se aproba o Padrón municipal de imposto sobre vehículos de tracción mecánica, correspondentes o exercicio de 2022.

O Padrón expóranse ó público nas oficinas municipais dende o 1 de xuño ó 30 de xuño de 2022, durante o devandito prazo os interesados poderán examinalos e formular, ante a Alcaldía, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes, dende o 1 de abril ata ó 30 de abril de 2021, ambos inclusive, (art. 14.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo).

De conformidade co previsto no art. 12 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 62 da Lei Xeral Tributaria e os artigos 23 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, de 29 de xullo de 2005 (Real Decreto 939/2005) comunícaselles aos contribuíntes afectados que o período voluntario de cobranza será:

### *IMPOSTO VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM)*

Data de comezo do período voluntario: 1 de xuño de 2022

Data de finalización do período voluntario: 1 de agosto de 2022

Data de cargo en conta dos recibos domiciliados: 1 de agosto de 2022

Deberase ter en conta a data límite de ingreso para cada tributo no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora (art.19.3 do Regulamento Xeral de Recadación). O Imposto deberá satisfacerse, consonte co artigo 23 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán aos domicilios dos contribuíntes, a través das entidades bancarias seguintes:

ABANCA

BANCO SANTANDER



Venres, 13 de maio de 2022

Núm. 92

Os contribuíntes que non recibiran nos seus domicilios os instrumentos de ingreso, poderán solicialos ata a data de finalización do período voluntario de cada tributo nas Oficinas Xerais do Concello, no seguinte horario:

Luns, martes, mércores, xoves e venres de 8:00 a 15:00 horas

Posto que a non recepción do recibo non exonera da obriga do pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

O presente anuncio que ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción do recargo correspondente e demais conceptos esixibles, tal e como se fixa nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria e 69 e seguintes do RD 939/2005 de 29 de xullo que aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Aconsellámoslle que, para a súa comodidade, domicilie o pagamento dos seus tributos en calquera entidade bancaria. Para elo bastará con que cubra o impreso de domiciliación que se lle facilitará nas Oficinas Xerais do Concello e na paxina web: [www.forcarei.net](http://www.forcarei.net)

Documento asinado a marxe

